

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE TOURO PARA A CREACIÓN DUNHA PASARELA SOBRE O REGO LAÑAS NA RUTA DA FERVENZA DAS HORTAS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Touro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Touro para a creación dunha pasarela sobre o Rego Lañas na Ruta da Fervenza das Hortas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Tal e como establece a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.



A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Segundo.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Terceiro.- As enchentes do rego Lañas, ó seu paso polo concello de Touro, acontecidas como consecuencia de diferentes episodios climáticos adversos na zona, provocaron a completa destrución da pasarela que cruzaba este curso fluvial no entorno da súa desembocadura no río Ulla, máis concretamente na ruta de sendeirismo homologada PR-G-233 "Fervenza das Hortas ao río Lañas". A pasarela peonil, emprazada nas coordenadas no sistema ETRS89 Fuso 29 X: 560.181; Y:4.742.481, era de madeira cunha luz libre duns 5,00 metros entre os seus apoios, rematada cunha varanda do mesmo material.



O concello de Touro ten interese en restaurar o paso peonil sobre o rego Lañas e mellorar a súa accesibilidade, no entorno da localización anteriormente descrita, para o cal resulta preciso levar a cabo a execución dunha nova estrutura, en cumprimento coas premisas recollidas no Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa, que garanta a conexión entre as marxes do rego nunhas condicións axeitadas de seguridade. Buscando a durabilidade e resistencia da pasarela fronte ás posibles enchentes que poidan acontecer.

Cuarto.- A nova estrutura emprazarase a uns 13,00 metros augas abaixo da localización anterior, máis concretamente nas coordenadas no sistema ETRS89 Fuso 29 X: 560.193,84; Y: 4.742.472,54.

A nova pasarela estará formada por dúas vigas de madeira laminada de piñeiro (ou semellante) de dimensións 240x1000 mm e 14 m de lonxitude total e 12 vigas transversais do mesmo material de dimensións 200x100 mm, cubertas con táboas macizas de madeira e apoiadas sobre dous estribos de pedra con cargadeiro de formigón armado.

O ancho para o paso peonil será de 2,50 metros e para evitar posibles caídas empregarase unha varanda de malla de aceiro de 1,05 metros de altura con pasamáns de madeira. A luz libre da pasarela será de 12 metros e disporá dunha altura duns 3,40 metros sobre o leito do río, permitindo o paso do caudal correspondente coa avenida de período de retorno de 500 anos, cumprindo co resguardo establecido por Augas de Galicia.

Coa fin de acadar a cota superior do novo paso sobre o río Lañas, levarase a cabo o movemento de terras necesario, elevando os sendeiros existentes, dotándoos dun ancho mínimo de 2 metros, mediante a formación de ramplas que dean acceso á pasarela e o mesmo tempo permitan a continuidade das rutas de sendeirismo.



O material empregado para a consolidación dos sendeiros será zahorra estabilizada con cemento cun espesor de 15 cm sobre unha capa de zahorra de 20 cm.

O movemento de terras proposto afianzarase mediante a execución de muros de escollera de pedra de altura media 2,50 m, en ambas marxes do rego.

Finalmente propónse a rexeneración paisaxística do entorno, respectando en todo momento a vexetación de ribeira existente.

Nos planos, cadros de medicións e presupostos, especificáanse as unidades de obra a realizar, así como as características, dotacións e dimensións dos materiais propostos. En función das necesidades e pretensións municipais, dispoñibilidades orzamentarias, estado das obras e resposta de actuacións similares na zona, considérase que as unidades presupostadas representan a solución máis acorde co fin a acadar.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Touro unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase



xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

